



ALEGO
do texto
REcensiÓNS
p ortuguês
crítica

Xosé Manuel Sánchez Rei (ed.), *Modelos de lingua e compromiso*. A Coruña, Baía Edicións. 2014, 211 páxinas.

Hai xa máis de tres décadas que deu comezo o proceso de normalización e de normativización da lingua galega a nivel institucional, a coincidir coa época en que se establece o seu carácter cooficial. Durante este período foron varios os debates que se xeraron arredor do noso idioma –de igual modo que os posicionamentos ao respecto– e que abordaban desde cuestións estritamente ortográficas até aspectos relativos ás estratexias normalizadoras: que modelo de galego é o máis adecuado para servir de referencia, onde é que se debe procurar, cal é a responsabilidade dos poderes públicos na súa promoción, cales os mecanismos máis eficaces etc. Nos últimos tempos o debate vixente nos círculos académicos centra o seu interese sobre o modelo lingüístico que se debe promover e sobre as súas implicacións na normalización do galego, como así o demostran os contributos de Freixeiro Mato (2009), Sanmartín Rei (2007, 2009) ou Regueira (2012). Neste contexto, a publicación de *Modelos de lingua e compromiso* constitúe máis unha referencia que vén complementar os traballos previamente publicados e que ofrece ao público lector novos prismas desde os cales se aproximar deste fenómeno.

O volume, coordinado por Xosé Manuel Sánchez Rei e publicado en 2014 pola editorial Baía, conxuga desde o propio título esa maridaxe evidente que existe entre a defensa do galego e a proxección dun referente lingüístico de calidade, que con diferentes matices será abordada ao longo das 211 páxinas que o conforman. Trátase dunha obra colectiva que contén cinco contributos da autoría de persoal docente e investigador da Área de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña e membros tamén do Grupo ILLA. Para alén dos intereses profesionais que os unen, o fio discursivo presente neste volume torna evidente que, aínda desde a cosmovisión particular de cada un, todos eles partillan tamén a mesma posición sobre o tema; neste sentido, son conscientes da relevancia que un modelo de lingua de calidade ten para a revitalización e a valorización social do galego e, en consecuencia, consideran ambas as realidades indisociábeis no proceso de normalización lingüística. E o modo en que se articula esta idea ao longo do libro é a través dunha estrutura envolvente: así, as cinco colaboracións están organizadas de forma que se parte de cuestións xenéricas para logo centrarse en aspectos particulares relacionados cos modelos de lingua e o concepto de calidade nunha estela temporal que se inicia no momento actual e que finaliza no Rexurdimento.

Esta viaxe cara ao pasado permitirá aos autores e autoras do presente libro demostraren que, embora se trate dunha cuestión que se está a abordar de forma teórica e con maior rigor desde os ámbitos académicos actuais, afecta múltiples sectores e retrotrae as súas orixes a épocas moito anteriores, en que tamén non estivo isento de polémica. Será a realidade sociolingüística da Galiza a que xustifique tamén que cuestións como as que neste volume se analizan –e que para as linguas normalizadas resultan indiscutíbeis, isto é, a defensa dun modelo lingüístico autóctone que sirva como referente e proporcione prestixio á lingua– sexan aínda motivo de controversia se o foco de atención é unha lingua minorizada, caso do galego. Por esta razón, *Modelos de lingua e compromiso* contribúe tamén para refutarmos certos preconceptos que continúan a ligar a enxebreza unicamente aos rexistros populares, ao defender que a existencia dun modelo lingüístico de referencia non substitúe –mais ao contrario complementa– os varios rexistros de uso que, como tales, todas as linguas deben ter.

O primeiro dos traballos é da autoría de Xosé Ramón Freixeiro Mato quen, sob o título “Lingua oral, calidade da lingua e futuro do galego” (p. 13-84), reflicte sobre algúns dos temas máis relevantes na actualidade a respecto da lingua galega. Así, na primeira parte do seu traballo centra o interese no avance do proceso de substitución lingüística que se leva producindo desde finais do século pasado e na perda de falantes, nomeadamente nos ambientes citadinos e nas faixas de idade máis novas, como tamén revelaron recentemente os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e que debuxan un panorama certamente contrario ao que se espera dunha lingua en proceso de normalización. Deste modo, conséntase un claro retroceso, seguramente agravado polas políticas (anti)normalizadoras que nos últimos anos se teñen feito e sobre as cales o autor xa reflectiu con anterioridade (Freixeiro Mato 2009: 157-158). E esta regresión non só é evidente en termos cuantitativos mais tamén cualitativos e afectan igualmente o modelo de lingua, en que de forma constante están a penetrar numerosos españolismos que se unen a aqueles outros que aínda non se conseguiron eliminar e que, de igual modo que a perda de falantes, constitúe un atranco evidente para o futuro do galego.

Por esta razón, o autor tamén se detén a reflectir sobre os diversos modelos de lingua oral e a súa (in) pertinencia en tanto que variedades (in) necesarias no mosaico de rexistros presentes no galego para, finalmente, encerrar o artigo cunha aproximación ao concepto de “calidade da lingua”, con especial interese na modalidade oral, ao ser nesta onde vira máis evidente o proceso de deturpación lingüística. O investigador da UDC presenta este concepto como antitético á hibridación para pór de manifesto que a revitalización do galego pasa inevitabelmente por o dotarmos de prestixio e que isto non pode conseguirse cun modelo de lingua fortemente españolizado, mais desde a calidade e a autenticidade que lle proporciona a potenciación dos trazos que

o singularizan. Este é tamén o obxectivo do seguinte texto, “A preocupación por unha lingua de calidade: aproximación histórica ao caso do galego nos anos finais do século XIX e nos inicios do XX” (p. 85-150), en que Xosé Manuel Sánchez Rei nos traslada a unha época anterior para evidenciar igualmente que o debate sobre o modelo de lingua centrou a atención dun sector da intelectualidade galega desde o momento en que o galego comeza a ser obxecto dos primeiros estudos rigorosos.

Nesta liña, a erosión interna e a hibridación do galego sinalada por Sánchez Rei motivou o interese de gramáticos, escritores e críticos literarios desde moi cedo e, como se verifica neste contributo, foron moitos e diversos os formatos a través dos que vehicularon as súas impresións: apuntamentos en gramáticas, paratextos de obras literarias, notas de prensa etc. En calquera caso e independentemente do aspecto lexical, morfosintáctico ou fonético que salientaren, en todos eles está presente un elemento discursivo común, a necesidade dun modelo lingüístico de calidade, que, como evidencia o volume que estamos a recensionar, segue aínda hoxe a centrar a atención da reflexión científica e sobre o cal, como na altura, non se conseguiu, de momento, chegar a un consenso. E logo do universo textual presentado neste traballo, o seguinte contributo, intitulado “Arredor da calidade da lingua no teatro da 1ª metade do século XX” (p. 151-162) e asinado pola profesora Laura Tato Fontaíña, centra a súa atención no xénero dramático e na visibilización de determinados modelos de lingua que tamén nesa altura provocaron un debate igualmente prolífico ao constatado noutras esferas por Sánchez Rei e que con diferentes posicionamentos ao respecto se situaba entre o eloxio e a censura.

Nesta liña, a autora documenta nas obras teatrais dese período o uso de tipoloxías de galego en que a interferencia do español é, en maior ou menor proporción, evidente e que, en moitos casos, responde a usos deliberados que procuraban aproximarse –desde unha perspectiva errada– da fala da xente ou que mesmo perseguían o riso fácil, o que na opinión de Sanmartín Rei (2009: 237) acababa por reflectir un galego *populacheiro*, mais do que popular, como hodiernamente aínda se detecta nalgúns formatos televisivos tamén censurados nesta obra. No entanto, a investigadora constata outrosí no seu traballo como este non foi o único escenario transitado no ámbito teatral; así, especialmente a partir da época das Irmandades da Fala e a coincidir coa reflexión sobre o propio xénero dramático fíxose evidente a necesidade dun modelo lingüístico de calidade, non só para contribuír para a modernización do teatro, mais fundamentalmente para a revitalización social da lingua. Reparemos en que este xénero, pola súa capacidade de intervención social, constituía nesa altura e desde unha perspectiva normalizadora un elemento central desde o cal traballar e, nese sentido, que se iniciase o debate sobre o modelo de lingua non fai máis do que evidenciar a estreita ligazón entre estas dúas esferas.

Como demostran os tres primeiros contributos presentes neste volume, a reflexión sobre a procura dun modelo de calidade lingüística pode ser analizada ben atendendo ás distintas variedades actuais da lingua, ben a través de diversos xéneros textuais ou ben a proceder de varios sectores da intelectualidade galega. Con todo, tamén é posíbel focalizarmos a atención sobre algunha das figuras que mellor representan ou que, pola súa traxectoria, capitalizan a súa defensa. Neste sentido, resultan de especial interese os dous últimos traballos contidos neste *Modelos de lingua e compromiso*. En primeiro lugar achamos o texto de Manuel Ferreiro, “Eduardo Pondal á procura do verbo sublimado. Arredor das re-escrituras pondalianas” (p. 163-184), que abandona a escenografía dramática para nos somerxer no universo poético do bardo bergantiñán. Ao longo das súas páxinas o profesor da UDC pon de manifesto o constante labor realizado polo poeta por conseguir que as súas composicións se aproximasen –ben desde unha perspectiva gráfica, morfosintáctica ou lexical– dun modelo lingüístico o máis auténtico posíbel. O escritor da Ponteceso acreditaba na necesidade de dignificar o galego a través dunha variedade lingüística culta, digna e de calidade que, como evidencia a súa propia obra, pode e debe convivir en perfecta harmonía e maridaxe con outros rexistros lingüísticos.

En segundo lugar, a investigadora e profesora Goretti Sanmartín Rei pon co seu traballo *a fiinda* a este volume a se centrar noutra das figuras fundamentais e basilares do Rexurdimento galego, Rosalía de Castro. Deste modo, baixo o título “A estética da seguranza. Lingua e transcendencia en Rosalía” (p. 185-211), a autora parte deste período consciente de que a perspectiva histórica permite ollar a complexidade do discurso sobre a calidade da lingua cunha perspectiva máis abranxente e diversa, menos limitada e, por tanto, perfectamente válida no presente. Neste sentido, a escolla de Rosalía de Castro e do seu universo literario non parece fortuíta, na medida en que trascende a temporalidade de calquera época concreta e continúa vixente hoxe en día como referente colectivo dos galegos e das galegas, mesmo tamén para aquelas persoas menos comprometidas coa lingua. A súa figura serve, pois, para pór de relevo a importancia da seguranza lingüística, da autoestima e do orgullo dos galegofalantes en tanto que elementos necesarios para conseguirmos “unha lingua que poida ser un modelo (non único nin homoxéneo), mais si un modelo digno de lingua”.

En conclusión, as cinco aproximacións que conforman *Modelos de lingua e compromiso* contribúen desde diversas focaxes –complementares– e con diferentes graos de pormenor para chamaren a atención sobre a importancia que no proceso de normalización da nosa lingua posúe un modelo lingüístico de calidade. Así, os autores e autoras que participan nesta obra poñen en evidencia a complexidade de revitalizar o idioma cando este se presenta fortemente erosionado polo español. Os últimos datos sobre o coñecemento e os usos do galego debuxan unha situación certamente

inquietante sobre o futuro do galego. Cómpre, pois, que se leven a cabo as medidas normalizadoras necesarias para reverteren o proceso cara ao cal camiña a nosa lingua e, neste punto, a consecución dun modelo lingüístico de prestixio que poida ser o referente da comunidade galega vira fundamental para lle devolver a normalidade que continuamente se lle está a negar. A visión poliédrica e plural que sobre estas cuestións ofrecen os contributos aquí contidos fan desta obra unha referencia imprescindible no panorama actual das nosas letras e, nese sentido, recomendamos encarecidamente a súa lectura.

Estefanía Mosquera Castro

Referencias bibliográficas

- Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de calidade* (Vigo: Xerais).
- Regueira, X. L. (2012): “Autenticidade e calidade da lingua: purismo e planificación lingüística no galego actual”, *Estudos de Lingüística Galega* 4, 187-201.
- Sanmartín Rei, G. et al. (2007): *Sobre a calidade da nosa lingua* (A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña).
- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).